



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea 1	Código	613G02024		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es		
Web	http://www.udc.gal/filo				
Descrición xeral	Estudo, a través dos textos, da produción literaria galega do século XIX.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A3 A4 A10 A11 A15	B3 B7	C1 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma	A1 A7 A11 A14 A17 A19 A23 A27	B5 B8 B9 B10	C1
Aplicar as técnicas de análise cultural, considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos	A1 A2 A4 A10 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9	C1



Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués	A4	B2	C1
	A7	B5	
	A11	B8	
	A14	B10	
	A17		
	A19		
	A23		
	A27		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega no século XIX.	Caracterización xeral. Periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. O Prerrexurdimento. Prosa, poesía, teatro.	Caracterización xeral. A poesía. O teatro. A Gaita Gallega: singularidade xenérica, reivindicación e iniciación lingüística e denuncia social.
3. O Rexurdimento. Caracterización xeral.	Reivindicación lingüística, renacemento cultural e construción da identidade nacional. A cultura e a literatura popular. A recuperación da historia propia. A situación social da lingua. A procura dun modelo de lingua literaria. Os Xogos Florais da Coruña. Produción e difusión cultural: a prensa.
4. O Rexurdimento. Xéneros e autores.	A poesía como xénero predominante. Rosalía de Castro. Manuel Curros Enríquez. Eduardo Pondal. A narrativa. O teatro.
5. O rexionalismo e a transición ao século XX.	Elementos definidores. As iniciativas editoriais: prensa e coleccións editoriais. A consolidación institucional do rexionalismo no século XX: a fundación da Academia Galega. Prosa e narrativa. O teatro.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A2 A4 A11 A14 A15 B1 B4 C1	6	6	12
Lecturas	A1 A2 A4 A7 A17 B3 B6 B7 C6	1	20	21
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A14 A17 A19 A23 A27 B1 B5 B7 B10 C1 C6	21	25	46
Presentación oral	A1 A2 A4 A11 A15 B3 B4 B5 B7 C1	1	0	1



Proba mixta	A1 A4 A7 A11 A15 A17 A19 B1 B3 B4 B5 B6 C1	2	20	22
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 A19 B3 B5 B8	0	2	2
Traballos tutelados	A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B3 B5 B6 B7 C6 C1	1	20	21
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9	10	12	22
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Debate na aula moderado pola profesora sobre temas previamente sinalados e convidados co alumnado. Requerirá unha preparación previa que os e as estudantes deberán realizar, de acordo coas indicacións que recibirán.
Lecturas	Son de lectura obrigada as obras literarias que figuran como tal no apartado de Fontes da información. Serán tamén obxecto de lectura algunhas referencias de bibliografía secundaria que a profesora indicará expresamente na aula.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co apoio de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Terá como obxecto, principalmente, proporcionar unha visión panorámica dos temas que serán logo desenvolvidos en sesións complementares posteriores en grupos de menor tamaño.
Presentación oral	Consistirá na exposición dun tema do programa, previamente acordado coa profesora
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita e/ou oral relativa aos contidos e lecturas do programa.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a algún dos eventos científicos e divulgativos indicados pola profesora.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutorizado pola profesora segundo as indicacións que se proporcionarán no inicio do cuadrimestre.
Análise de fontes documentais	Lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Proba mixta Sesión maxistral Lecturas Análise de fontes documentais Discusión dirixida Traballos tutelados	A profesora orientará aos e ás estudantes na selección do tema do traballo, da metodoloxía e das fontes de información precisas e máis axeitadas para a súa elaboración. A orientación farase de forma individualizada, persoalmente, e tamén se facilitarán indicacións escritas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A4 A7 A11 A15 A17 A19 B1 B3 B4 B5 B6 C1	Realización dunha proba escrita relativa aos contidos e ás lecturas da materia.	40



Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9	Realización das lecturas indicadas pola profesora (textos críticos, historiográficos, xornalísticos, literarios etc.) e o seu comentario e análise nas aulas.	20
Traballos tutelados	A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B3 B5 B6 B7 C6 C1	Realización e exposición oral na aula dun traballo titorizado sobre o tema que se definirá conxuntamente coa profesora ao inicio do período lectivo.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 A19 B3 B5 B8	Asistencia a eventos científicos e/ou divulgativos indicados pola profesora. A avaliación farase tendo en conta a ficha que deberá cubrir o alumnado.	10

Observacións avaliación

Para superar a materia, o/a estudante deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo establecido nas aulas.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

1. OPORTUNIDADE DE XULLO

Deberá presentarse/realizarse as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

2. NON PRESENTADO

Será considerado NON PRESENTADO/A o/a estudante quen non se presente á proba mixta.

3. DISPENSA ACADÉMICA

Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta (50%). 2. Traballo titorizado (40%). 3. Eventos (10%). Para concretar as características do traballo titorizado, o estudante deberá pórse en contacto coa profesora antes do día 28 de febreiro. 4. ALUMNADO REPETIDOR E ALUMNADO CON INCOMPATIBILIDADE HORARIA POR RAZÓNS LABORAIS

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas e o alumnado que tiver horario laboral incompatíbel co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica deberá comunicalo a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 15 de febreiro.

Unha vez realizadas as oportunas comprobacións, a profesora confirmará que o seu sistema de avaliación será o do alumnado con dispensa académica.

5. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral que versará sobre as lecturas propias da materia (50% da cualificación).

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo: Galaxia - Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento . Vigo: Xerais - Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación. Vilaboa: Edicións do Cumio - Tato Fontaiña, Laura (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra - Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia - VV. AA. (1996). Historia da Literatura Galega (vols. 1 e 2). Vigo: A Nosa Terra <p>Biblioteca Virtual Galega: http://bvg.udc.es Cronoloxía da literatura galega (1801-1900): http://croliga.udc.es Galiciana. Biblioteca de Galicia: http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacionHemeroteca Virtual da Real Academia Galega: http://academia.gal/hemeroteca-virtual Monografías do século XIX (Real Academia Galega): http://academia.gal/biblioteca-virtual-monografias#inicio.do?current_page=7 As referencias anteriores son de materiais e de obras de consulta de carácter xeral. Na aula proporcionarase bibliografía específica para cada tema. Obras de lectura: A casamenteira de Antonio B. Fandiño. Selección de textos d'A gaita gallega de J. M. Pintos. "Conto gallego" de Rosalía de Castro. Follas novas de Rosalía de Castro. O divino sainete de Manuel Curros Enríquez. Queixumes dos pinos de Eduardo Pondal. O catecismo do labrego de Valentín Lamas Carvajal. O castelo de Pambre de Antonio López Ferreiro. Esta selección completarase con outras lecturas indicadas pola profesora.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Beramendi, Justo, De provincia a nación. Historia do galeguismo político, Xerais, Vigo, 2007. Davies, Catherine, Rosalía de Castro no seu tempo, Galaxia, Vigo, 1987. Forcadela, Manuel, A poesía de Eduardo Pondal, O Cumio, Vigo, 1995. Freire Lestón, Xosé V., A actividade editorial en Galicia (1850?1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego, O Cumio, Vigo, 1997. Hermida, C., Os precursores da normalización, Xerais, Vigo, 1992. Pociña, Andrés e López, Aurora, Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra, Laiovento, Santiago de Compostela, 2000. Rodríguez, Francisco, Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria, AS-PG, A Coruña, 2011. Esta selección completarase con bibliografía específica que a profesora proporcionará na aula.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Galega Contemporánea 2/613G02036

Observacións

Para calquera dubida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado ou concertando cita previa no enderezo electrónico t.lopez@udc.gal.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías